



OURENSE, A TRECE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

XUÍZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 10-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALLEGA ABSOLUTA FEMENINA DH 25-26

Equipos participantes: R.C. NÁUTICO DE VIGO - C.W. LUGO

Día/Hora: 8-3-26; 18:00

FEITOS

PRIMEIRO.- O día 9-3-26 foi remitida a este Xuíz Único a acta e o anexo do encontro disputado que se referencia. No anexo da acta, textualmente, recóllese o seguinte feito:

“No minuto 04:39 do terceiro período amósaselle tarxeta vermella ao delegado do equipo visitante (C.W. Lugo), D. David Núñez Fernández, por protestar decisións arbitrais cos brazos erguidos. Ao rematar o encontro pide desculpas.”

SEGUNDO.- Mediante Acta n° 10-2026, de data 10-3-26, deuse trámite de audiencia ao interesado polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á recepción da mesma.

TERCEIRO.- Dentro do prazo concedido presentáronse alegacións por D. David Núñez Fernández, nas que, en síntese, se manifesta que a súa actuación non constituíu protesta ningunha, senón un intento de solicitar un tempo morto regulamentario; que existiron problemas

técnicos de comunicación do equipo arbitral; que non mediaron insultos nin menosprezo; e que a tarxeta vermella resulta desproporcionada en relación cos feitos descritos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Correspóndelle ao Comité de Competición da FEGAN, a través do Xuíz Único, resolver as incidencias que poidan producirse nas competicións territoriais, utilizando para iso as actas dos partidos e, no seu caso, os informes arbitrais.

SEGUNDO.- A redacción da acta arbitral goza de presunción de veracidade "iuris tantum", sen que as alegacións formuladas no presente expediente resulten suficientes para desvirtuar o feito obxectivamente consignado no anexo arbitral, isto é, que a tarxeta vermella foi mostrada ao delegado do equipo visitante por protestar decisións arbitrais cos brazos erguidos.

TERCEIRO.- As alegacións do interesado sosteñen que o xesto realizado tiña por finalidade solicitar un tempo morto. Porén, a normativa aplicable dispón que, cando un club designe excepcionalmente a un xogador ou delegado para permanecer no banquiño, este en ningún caso terá os dereitos dun adestrador, soamente poderá estar sentado dando instrucións, o que impide acoller a tese exculpatoria formulada, na medida en que pretende equiparar a súa posición á do persoal técnico con facultades propias de dirección do xogo.

CUARTO.- Non consta no feito arbitral a existencia de insultos, ameazas nin expresións ofensivas, e faise constar, ademais, que ao remate do encontro o interesado pediu desculpas. Tales circunstancias poden ser valoradas a efectos de contextualización e moderación da resposta disciplinaria, pero non eliminan a relevancia disciplinaria da conduta tal e como foi reflectida na acta arbitral.

QUINTO.- A normativa xeral da competición establece que as sancións do Comité son de efectos inmediatos, que deberán cumprirse na categoría en que se produciu a infracción e que todo o non expresamente previsto se rexerá pola normativa de Waterpolo RFEN. Así mesmo, o único cadro sancionador expreso achegado para expulsións disciplinarias fixa, no seu grao mínimo, a sanción dun partido. En consecuencia, atendida a condición do interesado como delegado inscrito en acta, a natureza da expulsión, a ausencia de insultos, ameazas ou persistencia na conduta e o principio de proporcionalidade, procede impoñer a sanción mínima de suspensión dun partido.

RESOLVO

Impoñer a D. DAVID NÚÑEZ FERNÁNDEZ, delegado do C.W. LUGO, a sanción de **SUSPENSIÓN DE UN PARTIDO**, como responsable da conduta recollida na acta arbitral consistente en protestar decisións arbitrais cos brazos erguidos, con expulsión definitiva, debendo cumprirse a presente sanción na mesma categoría na que se produciu a infracción e con efectos inmediatos.

Notifíquese aos interesados. Contra esta resolución poderá interpoñerse o recurso que en dereito corresponda.

En lugar e data ut supra,

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense